


PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

PLÁSTICA

CURSO 2021.22

4º ED. PRIMARIA



CEIP Plurilingüe
O MOSTEIRÓN

ÍNDICE:

• 1.- Introducción	Páx.	2
• 2.- Contribución ó desenvolvemento das Competencias Clave	Páx	2
• 3.- Concreción para cada estándar: <ul style="list-style-type: none">▪ Temporalización▪ Grao mínimo de consecución para superar a materia▪ Procedementos e instrumentos de avaliación	Páx	3
• 4.- Concrecións metodolóxicas	Páx	7
• 5.- Materiais e recursos didácticos que se van utilizar	Páx	10
• 6.- Criterios sobre a avaliación e a cualificación	Páx	10
• 7.- Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente	Páx	11
• 8. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentas, de ser o caso.	Páx	12
•		
• 9.- Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados	Páx	12
• 10.- Medidas de atención á diversidade	Páx	13
• 11.- Concreción dos elementos transversais que se traballan no curso	Páx	13
• 12.- Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora .	Páx	15
• 13.- Actividades complementarias.	Páx	15

1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

Seguindo o Decreto 105/2014 do 4 de setembro, polo que se establece o currículo de Educación Primaria para a Comunidade Autónoma de Galicia dentro da autonomía pedagóxica dos centros educativos mencionada no artigo 6, desenvólvese e completase o currículo e as medidas de atención á diversidade, adaptándoas ás características do alumnado e á súa realidade educativa. Todo isto farase tendo como referente o proxecto educativo do centro onde se enmarcan as características do centro e do alumnado en xeral.

Cabe destacar que o centro no que se enmarca esta programación didáctica é o CEIP Plurilingüe o Mosteirón composto por 15 unidades, 3 de educación infantil e 12 de educación primaria (con rateo máxima de 20 alumnos/as). Conta con profesorado completo en base ao catálogo de postos de traballo.

A programación didáctica que se expón a continuación parte das premisas expostas nas resolución do 17 de xuño de 2021, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional, pola que se dictan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato no curso académico 2021/22.

2.- CONTRIBUCIÓN Ó DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

A contribución ás competencias clave queda reflectida no cadro exposto no punto 3 desta programación didáctica.

3.- CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR:

Temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia, procedementos e instrumentos de avaliación e competencias clave para cada estándar.

TEMPORALIZACIÓN E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DOS ESTÁNDARES DO CURSO

CURSO	Música 2021-22		
NIVEL	4º PRIMARIA	ÁREA	Educación Plástica (EP)

Criterio de avaliación	Estándares	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	T 1	T 2	T 3	CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN	C.C.
						Instrumentos de avaliación / Procedementos de avaliación	
Bloque 1: Educación audiovisual							
EP-B1.1	4º-EPB1.1.1 - Analiza, de maneira sinxela e utilizando a terminoloxía axeitada, imaxes fixas atendendo ao tamaño, formato, elementos básicos (puntos, rectas, planos, cores, luz, función, ...).	Analiza, de maneira sinxela e utilizando a terminoloxía axeitada, imaxes fixas atendendo ao tamaño, formato, elementos básicos (puntos, rectas, planos, cores, luz, función, ...).	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación directa. INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico .	CCEC CCL CAA
EP-B1.1	4º-EPB1.1.2 - Elabora carteis con diversa información considerando os conceptos de tamaño, equilibrio, proporción e cor, e engadindo textos utilizando a tipografía máis axeitada á súa función.		X			PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Caderno de clase.	CCL CAA CCEC

EP-B1.1	4º-EPB1.1.3 - Secuencia unha historia en diferentes viñetas nas que incorpora imaxes e textos seguindo o patrón do cómic.			X		<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Caderno de clase.</p>	CCEC CCL CAA
EP-B1.1	4º-EPB1.1.4 - Interpreta e comenta, de forma oral e escrita, o contido das imaxes dunha obra artística concreta.	Interpreta e comenta, de forma oral e escrita, o contido das imaxes dunha obra artística concreta.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Intercambios orais en gran grupo. .</p> <p>INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico .</p>	CCL CCEC CSC
EP-B1.2	4º-EPB1.2.4 - Recoñece e interpreta de forma oral e escrita o contido das imaxes nunha obra artística.		X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Intercambios orais co alumnado. Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico. Caderno de clase.</p>	CCL CCEC CSC
EP-B1.3	4º-EPB1.3.2 - Procura información sobre artistas plásticos/as da propia cultura ou alleos, en relación coas características da súa obra.				X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Intercambios orais cos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Investigacións. Posta en común.</p>	CCL CCEC CSC CD CAA
EP-B1.3	4º-EPB1.3.3 - Expresa as sensacións e as apreciacións persoais sobre as obras plásticas dun autor ou dunha autora cun criterio artístico		X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Intercambios orais co alumnado.</p> <p>INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico.</p>	CCL CCEC CSIEE CD
EP-B1.4	4º-EPB1.4.2 - Identifica a posición dos elementos plásticos tendo en conta técnicas espaciais.		X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Caderno de clase.</p>	CCEC CSC CMCT
Bloque 2: Expresión artística							
EP-B2.1	4º-EPB2.1.1 - Representa formas naturais e artificiais con	Representa formas naturais e artificiais con diferentes formas, cores, texturas e materiais.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p>	CCEC

	diferentes formas, cores, texturas e materiais.					INSTRUMENTOS: Caderno de clase.	
EP-B2.1	4º-EPB2.1.2 - Consegue dar sensación de profundidade e volume ás súas creacións.		X	X		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Caderno de clase.	CCEC CSIEE
EP-B2.1	4º-EPB2.1.3 - Utiliza as cores, as mesturas e a tonalidade con sentido estético, de forma cada vez máis autónoma.		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Caderno de Campo.	CCEC CSIEE
EP-B2.1	4º-EPB2.1.6 - Utiliza ceras, rotuladores, tintas, plumas etc. para os debuxos usando liñas grosas, finas, sombras, manchas etc.		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Caderno de clase.	CCEC CSIEE
EP-B2.1	4º-EPB2.1.8 - Utiliza e mestura técnicas (acuarela, témperas etc.) con finalidade estética.				X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Caderno de clase.	CCEC CSIEE
EP-B2.1	4º-EPB2.1.10 - Representa imaxes usando diferentes características da cor.		X			PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Caderno de clase.	CCEC
EP-B2.1	4º-EPB2.1.11 - Utiliza diferentes materiais e texturas (arxila, tecidos, papel etc.) para as súas creacións plásticas.		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións plásticas.	CCEC CSIEE
EP-B2.1	4º-EPB2.1.12 - Recorta, encarta e pega con precisión, con distintos materiais e texturas, creando formas tridimensionais.			X		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións plásticas.	CCEC
EP-B2.2	4º-EPB2.2.1 - Utiliza a		X			PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos	CCEC

	cuadrícula como un elemento que estrutura o espazo gráfico.					alumnos/as. INSTRUMENTOS: Caderno de clase.	CMCT
EP-B2.2	4º-EPB2.2.2 - Traza formas xeométricas con precisión, coa axuda das ferramentas básicas (regra, escuadro e cartabón).	Traza formas xeométricas con precisión, coa axuda das ferramentas básicas (regra, escuadro e cartabón).	X			PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Caderno de clase.	CCEC CMCT
EP-B2.2	4º-EPB2.2.4 - Realiza trazados con precisión utilizando ferramentas básicas.		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación directa. INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico .	CCEC CSIEE
EP-B2.2	4º-EPB2.2.5 - Manexa e utiliza escalas e proporcións axeitadas para representar obxectos.		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Caderno de clase.	CCEC CSIEE
EP-B2.2	4º-EPB2.2.6 - Realiza composicións plásticas con figuras xeométricas, apreciando o valor expresivo da cor.		X			PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Caderno de clase.	CCEC CSIEE
EP-B2.2	4º-EPB2.2.7 - Debuxa persoas e obxectos a través dun eixe de simetría.		X			PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Caderno de clase.	CCEC CSIEE
EP-B2.3	4º-EPB2.3.1 - Coñece e utiliza recursos tecnolóxicos para obter información sobre o contexto artístico e cultural para as súas producións.				X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Investigacións.	CCEC CD
EP-B2.3	4º-EPB2.3.2 - Coñece e utiliza recursos tecnolóxicos básicos para a elaboración das				X	PROCEDEMENTOS: Observación directa. INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico .	CCEC CD CAA

	propias creacións.						
EP-B2.3	4º-EPB2.3.4 - Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para coñecer expresións artísticas e culturais dos pobos do mundo.				X	<p>PROCEDEMENTOS: Intercambios orais co alumnado. Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico. Investigacións.</p>	CSC CCEC CD
EP-B2.4	4º-EPB2.4.2 - Elabora bosquejos e deseños para axustar o proceso de creación individual ou en grupo, e presenta os traballos con orde e limpeza.		X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdótico).</p>	CSIEE CAA CCEC
EP-B2.5	4º-EPB2.5.1 - Desenvolve hábitos de orde e limpeza, e usa de forma responsable e axeitada os materiais, os instrumentos e os espazos.	Desenvolve hábitos de orde e limpeza, e usa de forma responsable e axeitada os materiais, os instrumentos e os espazos.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdótico).</p>	CSC CSIEE
EP-B2.5	4º-EPB2.5.2 - Presenta as tarefas con orde e limpeza, respectando as normas e as indicacións establecidas, e crea hábitos de traballo.		X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdótico).</p>	CSC CSIEE CCEC CAA
EP-B2.5	4º-EPB2.5.3 - Selecciona e utiliza as materias de forma apropiada e responsable, segundo as súas posibilidades plásticas e os resultados marcados.		X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdótico).</p>	CCEC CSIEE

4.- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

Enténdese por metodoloxía, segundo o Decreto 105/ 2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo de educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, o conxunto de estratexias , procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado, de xeito consciente e reflexivo, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos suscitados. Tendo en conta o anteriormente sinalado, cabe salientar que a idade na que se atopan os nosos alumnos/, está caracterizada por unha serie de trazos evolutivos que afectan ao desenvolvemento motriz, socio-afectivo e cognitivo dos nenos como vimos ó principio desta programación.

Actividade lectiva presencial.

A metodoloxía didáctica vai dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave, será comunicativa, inclusiva, motivadora, activa e participativa. Deberá ser variada e adecuada ás características e a os ritmos de aprendizaxe dos alumnos e das alumnas.

Será o alumnado o que irá construíndo a súa propia aprendizaxe, mediante propostas nas que poida recorrer a materiais manipulables para descubrir contidos, a través de cooperación, toma de decisións...

Deberase interrelacionar os contidos das áreas cun enfoque globalizado, abordando os problemas, as situacións e os acontecementos dentro dun contexto e na súa totalidade garantindo, a súa conexión coas necesidades e características do alumnado.

Contemplantase como principio a diversidade do alumnado, poñendo especial énfase na atención individualizada, a prevención das dificultades de aprendizaxe e a posta en marcha de mecanismos de apoio e reforzo para previr e, no seu caso, intervir como se detecten esas dificultades.

Procurarase o desenvolvemento competencial do alumnado e a aprendizaxe significativa dos contidos, procurando que sexa quen de aplicarlos nunha diversidade de contextos.

Fomentarase a reflexión e a investigación, así como a realización de tarefas que supoñan un reto e un desafío intelectual ao alumnado.

Utilizarase unha linguaxe sinxela, clara e estruturada na presentación de novos contidos.

Poñerase énfase nos procedementos e técnicas de aprendizaxe que inclúan unha reflexión sobre os contidos obxecto de estudo e unha revisión do traballo feito.

CEIP Plurilingüe “O Mosteirón”

Procurarase, na medida do posible, deseñar tarefas e proxectos que supoñan tamén un uso significativo da Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC).

Presentaranse as actividades de forma graduada, deixando para último lugar as que requiren un maior grado de habilidade e autonomía.

Dentro de cada unidade didáctica destacaremos tres momentos temporais diferenciados:

1. Fase de activación: orientada a captar a atención do alumnado, motivalo, e que, a través de distintas propostas, se prepare para a aprendizaxe do contido que corresponda.
2. Fase de dinamización: momento principal no que se produce a interacción entre alumno-alumno, alumno-profesor; procurando o desenvolvemento dunha aprendizaxe práctica, activa e participativa, colocando o educando como centro da súa propia aprendizaxe e o educador como un guía que orienta a súa labor.
3. Fase de reflexión: na que se procura ao análise do traballo feito e dos contidos traballados para a consecución do mesmo co fin de asegurarse de telo integrado dentro da propia estrutura cognitiva (sendo quen de interrelacionalo con outros contidos e aplicalo ou adaptalo a outras situacións)

Procurarase organizar os contidos en torno a núcleos temáticos significativos do seu contorno; dando pulo ás celebracións reflectida na orde de calendario escolar así como aos elementos programados polos diferentes equipos do centro (Equipo de Dinamización da Lingua Galega, Equipo de Plurilingüismo, etc.)

No tocante á organización do espazo e alumnado, este curso, e mentres non haxa cambios, o traballo será individual; e no caso de facer algunha actividade de xeito grupal farase mantendo a distancia de seguridade en todo caso e realizando unha ventilación cruzada.

Seleccionaranse materiais e recursos didácticos diversos, variados, interactivos e accesibles tanto no referente ao contido como ao soporte.

Actividade lectiva semipresencial.

En caso de actividade lectiva semipresencial, o alumno confinado terá acceso coa súa contrasinal á Aula Virtual onde atopará colgadas todas as actividades que se vaian facendo na aula xunto coa explicación pertinente. Terá a posibilidade de facer as mesmas tarefas que o resto de alumnado que si pode asistir a clase. En caso de que a tarefa precise dun material específico desta área, intentaremos adaptala para que non supoña un desembolso para as familias e que poidan facer a mesma actividade con outros materias que poidan atopar por casa.

No caso de ser preciso, ou se o confinamento se prolonga moito no tempo, faranse videochamadas a través da plataforma Webex para poder explicar as dificultades atopadas e resolver as dúbidas xurdidas con máis atención. Intentaremos adaptarnos ao máximo ás posibilidades de conexión dos/as alumnos/as.

Actividade lectiva a distancia.

No caso do confinamento da aula enteira impartirase a clase en horario espello a través da plataforma webex. En todo caso seguirase tal e como marca a programación.

Estaremos sempre abertos a utilizar outras aplicacións que nos sexan útiles por ser motivadoras, divertidas e fácil de usar, como por exemplo presentacións en Canvas ou gravacións de vídeos ou incluso fotografías.

No caso de confinamento, todas as actividades, tanto as dixitais coma as físicas, serán colgadas na plataforma oficial, a Aula Virtual, ben directamente ben unha imaxe ou vídeo da actividade finalizada. Cada neno/a ten a súa conta que lle permite acceder sen dificultades ás distintas tarefas. Ademais tamén permite comunicarse co/a titor/a para formular preguntas ou enviar as actividades para a súa corrección a maiores da comunicación establecida a través da plataforma Webex.

5.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

- Ordenador con acceso a internet e pizarra dixital.
- Ordenadores para o alumnado
- Blog de debuxo.
- Material funxible: lapis, goma, rotulador negro, regras.
- Materiais de actividades plásticas: pinturas, papeis...

Compre destacar que por mor do Covid19, e como así o reflexa o protocolo aportado pola Xunta, non se poderá compartir o material (gomas, lapis, cores, regras, etc.) entre o alumnado polo que é aconsellable recordar a importancia de ter o material personalizado.

6- CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

Os dous principais instrumentos de avaliación que se empregarán son:

- A observación directa na aula que se reflectirá no anecdotario, e que se empregara para avaliar non só os contidos conceptuais e procedimentais, senón que porá un especial

CEIP Plurilingüe “O Mosteirón”

énfase nos actitudinais. A observación directa do traballo e actitude na clase suporá un 60% da nota.

- A revisión dos traballos expostos polo/a alumno/a: mediante a revisión dos traballos avaliaremos a grado de adquisición e a capacidade para aplicalos do alumnado. Suporá un 40% da nota.

Requisitos de promoción.

1º Se un alumno/a é avaliado negativamente nas áreas troncais de Lingua Castelá e Literatura ou Lingua Galega e Literatura e Matemáticas non poderá promocionar ao curso ou etapa seguinte.

2º Se un alumno/a é avaliado negativamente en tres áreas ou máis, sendo unha delas Lingua Castelá e Literatura Lingua Galega e Literatura ou Matemáticas, non poderá promocionar ao curso ou etapa seguinte.

7.- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

	INDICADORES DE LOGRO	0	1	2	3	4
Preparación da clase e dos materiais didácticos	Hai coherencia entre a programación e o desenvolvemento das UD					
	Existe unha distribución temporal equilibrada.					
	O desenvolvemento da clase adecúase ás características do grupo.					
Utilización dunha metodoloxía adecuada	Tivéronse en conta aprendizaxes significativas. Considérase a interdisciplinabilidade (en actividades, tratamento dos contidos etc.).					
	A metodoloxía fomenta a motivación e o desenvolvemento das capacidades do alumno/a.					
Regulación da práctica docente	Grao de seguimento dos alumnos.					
	Validez dos recursos utilizados na clase para as aprendizaxes.					
	Os criterios de promoción están acordados entre os profesores.					
Avaliación das aprendizaxes e información que deles se lles dá aos alumnos e ás familias	Os criterios para unha avaliación positiva atópanse vinculados aos obxectivos e aos contidos.					
	Os instrumentos de avaliación permiten rexistrar numerosas variables da aprendizaxe.					
	Os criterios de cualificación están axustados á tipoloxía de actividades planificadas.					
	Os criterios de avaliación e os criterios de cualificación déronse a coñecer: • Aos alumnos. • Ás familias.					
Utilización de medidas para a	Adóptanse medidas con antelación para coñecer as dificultades de aprendizaxe.					
	Ofreceuse resposta ás diferentes capacidades e ritmos de					
	As medidas e os recursos ofrecidos foron suficientes.					

atención á diversidade	Aplica medidas extraordinarias recomendadas atendendo aos informes psicopedagóxicos.					
-------------------------------	--	--	--	--	--	--

ESCALA DE VALORACIÓN	Inadecuado	0	Escasa ou nula constancia. Non se acadan os mínimos aceptables e necesita unha mellora substancial
	Insuficiente	1	Omítense elementos fundamentais do indicador
	Básico	2	Cumprimento suficiente do indicador
	Competente	3	Hai prácticas sólidas. Clara evidencia de competencia no indicador.
	Excelente	4	Prácticas excepcionais. Modelo de referencia de boas prácticas

8. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES, DE SER O CASO.

Partindo do observado na aula e na avaliación inicial e continua e dado o carácter intradisciplinar dos contidos da área, no caso de detectarse a necesidade de retomar algún contido este será integrado nalguna das seguintes unidades didácticas como reforzo, a través de actividades artísticas motivadoras que atraian ao alumno á adquisición de dito contido. De ser preciso impleméntaranse actividades de reforzo e consolidación do mesmo facendo un seguimento individualizado da progresión do/a alumno/a en referencia a dito contido non adquirido. Así mesmo levaranse a cabo os cambios metodolóxicos e a adaptación das actividades precisas para favorecer a adquisición de dito contido.

9.- DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUCENCIA DOS SEUS RESULTADOS

Durante a primeira semana do curso realizaranse actividades orais e de debuxo que permitan valorar o nivel xeral que presenta o alumnado nesta área. Isto servirá de referencia como punto de partida para o desenvolvemento do currículo.

Os resultados obtidos serán tidos en conta a hora de dar os diferentes contidos ao longo do curso, poñendo maior énfase en aqueles nos que se obtiveron peores resultados e procurando actividades con maior carga significativa. Así mesmo buscarase unha atención máis individual con aqueles alumnos que o precisen en aqueles contidos nos que, tanto na

CEIP Plurilingüe “O Mosteirón”

avaliación inicial como non ao longo do desenvolvemento das unidades didácticas, presentasen dificultade.

10.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Serán as seguintes:

- Realización dunha boa valoración inicial do alumnado a múltiples niveles e mediante distintas vías de información.
- Ter en conta os distintos niveis para programar contidos e actividades.
- Unha metodoloxía adaptada aos distintos ritmos de aprendizaxe.
- Materiais de apoio e reforzo.
- No caso de adaptación curricular seguiranse as medidas e indicacións aportadas polo Departamento de Orientación.

Porase un especial coidado e atención en aqueles contidos que presentan un grado baixo de adquisición na avaliación inicial, así como en aqueles que se detecten na observación e valoración dos traballos expostos polo alumnado. Dado o carácter intradisciplinar dos contidos da área, que son retomados constantemente, de se dar o caso de precisar reforzalos tratarase de retomar ditos contidos nas seguintes sesións e unidades didácticas. En caso de ser preciso traballarase aqueles contidos que inda así non queden ben adquiridos a través de diferente material de reforzo como fichas e explicacións individuais.

11.- CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO

Tal e como se recolle no artigo 11 do D.105/2014, débense tratar os seguintes aspectos de maneira transversal:

- Comprensión lectora, expresión oral e escrita. A expresión oral será fundamental a hora da participación en clase, tanto na exposicións do propio traballo como nas actividades de análise de obras de arte (mesas redondas, asemblea, debate...) A expresión escrita traballarase a través da procura e síntese de información relacionada coas obras de arte e autores traballados.

- Comunicación audiovisual, TICs e os riscos da súa utilización. Está presente a través da procura de información, e tamén a través dos medios dixitais de captura e edición de imaxe. Sempre que se utilicen tecnoloxías que impliquen o acceso ou manipulación de contidos, xa sexa en internet ou en outros medios, farase fincapé na prevención e nos riscos que existen e que se deben evitar. É importante destacar cando se traballe con medios informáticos os dereitos de autor, presentes nos contidos do currículo.
- Educación cívica e constitucional. Fomentarse a través da convivencia diaria, respectando sempre os dereitos e liberdades dos demais, promovendo a adopción doutros puntos de vista e a valoración de opinións ou posturas distintas á propia. Tamén no análise do contexto social e históricas nas que se desenvolven as expresións artísticas e os autores.
- O emprendemento. As actividades que implican a creación ou a improvisación son claves para desenvolver este apartado. Tamén se pode impulsar mediante a participación no deseño das actividades da aula ou coa toma democrática de decisións. Unha característica fundamental da materia e o desenvolvemento de esta capacidade, xa que a creatividade depende en gran medida dela.
- Igualdade efectiva entre homes e mulleres e prevención da violencia de xénero. O ambiente é fundamental, e nunca se dividirá ó alumnado por razóns de sexo, nin será esta unha razón para distribuír a realización das distintas tarefas. Aproveitando datas sinaladas como o 8 M ou o 25 N analizarase como a arte pode ser un vehículo para mitigar as diferenzas de xénero.
- Non discriminación por calquera condición. O tratamento deste punto é similar ao anterior, e é de vital importancia xa que cada vez máis a interculturalidade é un feito cotiá.
- Resolución pacífica de conflitos e prevención de calquera forma de violencia. A propia actitude do mestre é moi importante, e mostrarase sempre unha perspectiva construtiva para solucionar os conflitos, propoñendo saídas o máis xustas posibles para todos. Tamén se intentará favorecer unha perspectiva crítica do alumnado fronte aos problemas de convivencia cotiás, de modo que pouco a pouco sexa capaz de resolvelos pola súa conta.

CEIP Plurilingüe “O Mosteirón”

- Desenvolvemento sostible e o medio ambiente. A adopción de hábitos de consumo sostible alcánzase a través da realización de actividades como a creación de obras de arte a partir de material de refugallo, ademais da toma de conciencia das consecuencias que ten unha actitude consumista no medio ambiente.
- A seguridade viaria. O mestre favorecerá o respecto polas normas de circulación como outras máis necesarias para a convivencia e para a seguridade propia e allea. De maneira específica diseña algunha actividade (visionado crítico, toma de fotos, debuxo) relacionada co uso icónico das sinais viarias.

12.- MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

Esta programación será flexible, axeitada a cada curso e revisable en función do alumnado e dos resultados.

O seguimento da programación anual realizarase principalmente en tres momentos: ao longo de cada unidade didáctica, trimestralmente e anualmente. Teranse en conta os seguintes indicadores:

- Seguimento da temporalización
- Consecución dos niveis mínimos de logro dos estándares de aprendizaxe traballados.
- Dificultades acaecidas.
- Resultados específicos dos procedementos e instrumentos de avaliación.
- Resultados trimestrais das avaliacións.

Unha vez analizados estes indicadores (*ver cuadro do punto 7*), realizaranse modificacións na programación que poden supoñer:

- Unha modificación da metodoloxía empregada.
- Cambios nos procedementos e instrumentos de avaliación.
- Modificacións na temporalización.
- Deseño de medidas correctoras para corrixir as dificultades.

13.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Como actividades complementarias celebraranse as conmemoracións marcadas no calendario escolar (Orden de 19 de mayo de 2021) mediante a participación a través de actividades artísticas (murais, carteis, esculturas...); así como noutras celebracións coma o magosto, o Samaín-Halloween, o entroido... ou actividades que poidan xurdir tales como camiñatas, ou eventos relacionados co proxecto de centro.

Ademais, tentarase asistir, na medida que a situación Covid19 o permita e sempre e cando sexan programadas de forma segura, a algunha actividade cultural tales como a visita a algún museo ou obradoiro, sempre dependendo da oferta cultural do momento e das posibilidades do centro.